

**ADMINISTRACIÓN LOCAL****MUNICIPAL****VILABOA****Ordenanzas e Regulamentos***APROBACIÓN DEFINITIVA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL DA VENDA AMBULANTE E ACTIVIDADES FEIRAIS, E PUBLICACIÓN DO TEXTO ÍNTEGRO**ANUNCIO. APROBACIÓN DEFINITIVA ORDENANZA VENDA AMBULANTE*

O Pleno do Concello de Vilaboa na sesión ordinaria de 26 de xaneiro de 2018 aprobou inicialmente a modificación da Ordenanza Municipal da venda ambulante e actividades feirais no termo municipal de Vilaboa, no referente ao contido do artigo 31

Publicado anuncio no BOP de 15/02/2018 e rematado o prazo de exposición pública sen que se presentase ningunha reclamación, este enténdese definitivo e procédese a continuación á publicación do texto íntegro da citada ordenanza, coa modificación aprobada

**ORDENANZA MUNICIPAL DA VENDA AMBULANTE E ACTIVIDADES FEIRAIS  
NO TERMO MUNICIPAL DE VILABOA. TEXTO REFUNDIDO***PREÁMBULO*

A Directiva 2006/123/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, impón aos Estados a obrigatoriedade de eliminar todas as trabas xurídicas e barreiras administrativas inxustificadas na liberdade de establecemento e prestación de servizos que se contemplan nos artigos 49 a 56 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea (TFE), respectivamente.

Se ben con carácter xeral as actividades de servizos de distribución comercial non deben estar sometidas a autorización administrativa previa, no relativo ao exercicio da venda ambulante ou non sedentaria considerouse necesario o seu mantemento así como a introdución de certas modificacións que tratan de reflectirse no presente texto, na medida que este tipo de actividade comercial require o uso do solo público que debe conciliarse con razóns imperiosas de interese xeral de orde público, a seguridade e a saúde pública.

Dada a escaseza de solo público dispoñible, o número de autorizacións será necesariamente limitado. Por isto, o procedemento de concesión debe ser público e transparente de forma que, a pesar de que as autorizacións deben ser limitadas no tempo, se proporcione un resarcimento xusto dos investimentos acometidos polos seus titulares.



Polo que respecta a venda ambulante en solo privado, as súas características determinan que tamén deba ser obxecto de regulación por medio da presente ordenanza, abondando a presentación dunha declaración responsable

No tocante ao réxime de competencias, a regulación da venda ambulante venlle atribuída aos concellos xa na Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local (artigo 25.2.i), na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (artigo 80.2.g), no Regulamento de servizos das corporacións locais do 17 de xuño de 1955 e tamén na normativa sectorial tanto de ámbito autonómico como estatal (Lei 13/2010, do 17 decembro, do comercio interior de Galicia, Lei 7/1996 de ordenación do comercio minorista e Real decreto 199/2010, do 26 de febreiro, polo que se regula o exercicio da venda ambulante ou non sedentaria).

Mención especial merece a venda directa exercida por parte de agricultores e agricultoras da produción propia sen transformación ou a súa primeira transformación, cuxo produto final estea incluído no anexo I do artigo 38 do Tratado de funcionamento da Unión Europea pois, se ben estes vendedores non poden considerarse comerciantes e polo tanto exercer a venda ambulante para os efectos da Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia (artigo 2.1º), si poden vender os seus produtos en mercados municipais ou en lugares que non sexan establecementos comerciais permanentes, tendo esta venda a consideración de actividade agraria, ao abeiro do establecido no artigo 2.1 da Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias e o Decreto 125/2014, de 4 de setembro, polo que se regula en Galicia a venda directa dos produtos primarios desde as explotacións á persoa consumidora final.

## TÍTULO I.-DISPOSICIÓNS XERAIS

### Artigo 1.-Obxecto e ámbito

A presente ordenanza ten por obxecto regular, con carácter xeral, o exercicio da venda ambulante que se exerce en espazos públicos e privados, e a ordenación das actividades feriais dentro do termo municipal de Vilaboa así como o seu réxime sancionador.

### Artigo 2.-Títulos, competencias e réxime xurídico

2.1.-O presente regulamento dítase en exercicio das competencias que se atribúen ao municipio pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local e da Lei de comercio de Galicia.

2.2.-Serán de aplicación a esta materia, ademais do contido deste Regulamento, a seguinte normativa:

- Lei 1/2010, do 1 de marzo, de reforma da Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio minorista.
- R.D. 199/2010, do 26 de febreiro, polo que se regula o exercicio da venda ambulante ou non sedentaria



Luns, 23 de abril de 2018

Núm. 78

- Lei 13/2010, do 17 de decembro do comercio interior de Galicia.
- R.D. 1/2007, do 16 de novembro, texto refundido da Lei 26/1984, do 19 de xullo, xeral para a defensa dos consumidores e usuarios.
- Lei 1/1996, do 5 de marzo, de regulación das actividades feirais da comunidade autónoma de Galicia.

### *Artigo 3.-Exclusións*

Quedan excluídas do ámbito de aplicación desta ordenanza aquelas actividades comerciais que, por razón do seu obxecto o natureza, están sometidas a un control específico por parte dos poderes públicos o a unha regulamentación específica. En todo caso, quedan excluídos do seu ámbito de aplicación:

- a) Os servizos de carácter financeiro, de transporte e de seguros.
- b) Os servizos de aloxamento, cafeterías, bares, restaurantes e hostalería, en xeral.
- c) Os servizos de reparación, mantemento e asistencia técnica, sempre que non vaian asociados a venta, con carácter ordinario ou habitual.
- d) Os servizos prestados por empresas de ocio e espectáculos, tales como cines, teatros, circos, ludotecas, parques infantís ou similares. O antedito non obsta a suxeición a esta ordenanza das vendas realizadas nas súas instalacións ou anexos, sempre que estas se desenroren en zoas de libre acceso.

Así mesmo, quedan excluídas do ámbito de aplicación da presente ordenanza as seguintes actividades feirais:

- a) As feiras ou os mercados dedicados fundamentalmente as transicións de ganado, produtos agrarios e pesqueiros e outros de uso ou consumo corrente, con independencia da súa periodicidade.

En calquera caso, os certames gandeiros están sometidos a vixente lexislación específica sobre gandería e sanidade animal.

- b) As actividades de carácter promocional organizadas polos establecementos comerciais, con independencia da súa duración.

- c) As exposicións que teñan por obxecto a exhibición, con ou sen venta, de produtos da cultura, ciencia, educación e arte.

### *Artigo 4.-Competencia*

Corresponde o Concello de Vilaboa, dentro do seu termo municipal, sen prexuízo das competencias doutras administracións, a ordenación, inspección e control das medidas necesarias para un desenrolo satisfactorio da venda ambulante, actividades feirais e outros acontecementos extraordinarios, nos que se desenroren actividades de venda ambulante, do cumprimento dos



requisitos para a obtención das licenzas e de facer cumprir o presente regulamento. Esta competencia corresponde a Alcaldía ou concelleiro/a ou órgano en quen delegue.

## TITULO II. DA VENDA AMBULANTE EN XERAL

### *Artigo 5.-Concepto de venda ambulante*

5.1.-Considérase venda ambulante ou non sedentaria a realizada por comerciantes fóra dun establecemento comercial permanente, de xeito habitual, ocasional, periódico ou continuado, nos perímetros ou lugares debidamente autorizados, en instalacións comerciais desmontables ou transportables, incluíndo os camións ou vehículos tenda, carriños e outras instalacións de carácter itinerante.

5.2.-Non terán a consideración de venda ambulante as vendas efectuadas dentro dos locais ou recintos ocupados por un certame feiral, que se rexerán pola súa regulación propia.

5.3.-A venda directa exercida por parte de agricultores e agricultoras da produción propia sen transformación ou a primeira transformación dos mesmos, cuxo produto final estea incluído no anexo I do artigo 38 do Tratado de funcionamento da Unión Europea terá a consideración de actividade agraria e rexerese pola súa propia normativa.

### *Artigo 6.-Modalidades de venda ambulante*

A venda ambulante tan só se poderá levar a cabo baixo algunha das seguintes modalidades:

6.1.-Venda ambulante en mercados periódicos: é aquela autorizada nos mercados situados en poboacións, en lugares e espazos determinados, e cunha periodicidade habitual establecida. Dentro deste epígrafe están encadradas, entre outras, as realizadas en feiras populares, mercados de postos ambulantes e rastros.

6.2.-Venda ambulante en mercados fixos: aquela autorizada en lugares anexos aos mercados municipais ou de abastos, con instalacións permanentes nas poboacións.

6.3.-Venda ambulante en postos desmontables instalados na vía pública: aquela autorizada para un número de postos, situacións e períodos determinados.

6.4.-Venda ambulante en mercados ocasionais: aquela autorizada en mercados esporádicos, que teñan lugar con motivo de feiras, festas ou acontecementos populares. Terán esta consideración as actividades de venda ambulante nas festas populares e romarías realizadas no termo municipal.

6.5.-Venda ambulante mediante camións ou vehículos tenda: aquela realizada nos citados medios e autorizadas nas zonas ou lugares determinados.

6.6.-Venda ambulante a pé, utilizando carriños ou outras instalacións de carácter itinerante.



Luns, 23 de abril de 2018

Núm. 78

*Artigo 7.-Lugar de exercicio da venda ambulante*

7.1 A venda ambulante só poderá exercerse nos mercados fixos, periódicos ou ocasionais así como nas zonas da vía pública que, en cada caso, autorice o Concello, e en espazos privados concertados coa administración Municipal.

7.2.-Os postos de venda ambulante non poderán situarse nos accesos a edificios de uso público, establecementos comerciais e industriais nin en lugares que dificulten o acceso e a circulación.

7.3.-En todo caso, os postos situaranse en lugares que contén coas condicións axeitadas de salubridade e limpeza.

*Artigo 8.-Produtos obxecto de venda ambulante*

8.1.-En ningún caso poderán ser obxecto de venda ambulante os bens ou produtos cuxa propia normativa o prohiba e aqueles outros que, en razón á súa presentación ou outros motivos, non cumpran a normativa técnico sanitaria e de seguridade.

8.2.-A determinación dos produtos obxecto da venda ambulante para cada modalidade determínase no capítulo III do título III da presente ordenanza.

*Artigo 9.-Dos vendedores ambulantes*

9.1.-A venda ambulante pode ser exercida por toda persoa física ou xurídica, sexa sociedade mercantil ou cooperativa, que reúna os requisitos establecidos na presente ordenanza e demais normativa aplicable.

9.2.-Os vendedores ambulantes deberán cumprir, no exercicio da súa actividade mercantil, coa normativa vixente no exercicio do comercio e da disciplina do mercado, deberán observar as normas de competencia leal e usos mercantís, e responderán de que os produtos obxecto da venda cumpran as condicións e requisitos esixidos pola normativa que os regula, tanto en materia sanitaria como no referente á súa presentación, etiquetaxe e demais aspectos aos que nela se faga referencia.

**TÍTULO III.-VENDA AMBULANTE EN ESPAZOS PÚBLICOS E PRIVADOS****CAPÍTULO I.-RÉXIME APLICÁBEL A VENTA AMBULANTE  
EN ESPAZOS PÚBLICOS E PRIVADOS***Artigo 10.-Características das autorizacións*

10.1.-Necesidade.-O exercicio da actividade de venda ambulante nos espazos públicos do Concello de Vilaboa, en calquera das súas modalidades, requirirá da previa obtención da correspondente autorización municipal, de acordo co procedemento previsto nesta ordenanza.



A venda ambulante en solo privado requirirá a presentación dunha declaración responsable, conforme o artigo 12 e sen prexuízo do cumprimento dos artigos desta ordenanza que lle sexa de aplicación”

10.2.–Duración limitada.–As autorizacións terán unha duración máxima, incluídas as prórrogas, de cinco anos. Agás que pola súa normativa específica o prazo sexa menor ou esixa a renovación anual ou por tempada.

10.3.–Publicidade: o comerciante deberá ter exposta ao público e ás autoridades que realicen actuacións inspectoras, en forma facilmente visible, a tarxeta á que fai referencia o artigo 14.

10.4.–Única.–Requirirase unha autorización por cada posto e para cada unha das modalidades de venda ambulante.

10.5.–A autorización habilitará para o exercicio da venda ambulante ao seu titular. No obstante e conforme ao que nela se determine, a autorización habilitará, ademais de ao seu titular, ao cónxuxe deste, aos seus descendentes directos maiores de 16 anos e ás persoas vinculadas a el mediante contrato laboral.

10.6.–Asignarase un posto por persoa, sexa física ou xurídica.

10.7.–Competencia: o outorgamento das autorizacións será competencia da resolución do alcalde ou por acordo do órgano competente en quen delegue.

10.8.–Transferibles.–As autorizacións serán transferibles, nos termos do artigo 72.2 e 77.2 da Lei 13/2010, do 17 de decembro, a outras persoas físicas ou xurídicas que reúnan os requisitos establecidos nesta ordenanza para o outorgamento da mesma e previa comunicación escrita, segundo o modelo que se expedirá polo Concello, á autoridade municipal competente. A transmisión dunha autorización non afectará ao prazo de vixencia da mesma, que se manterá polo tempo que reste ata a finalización do seu prazo de duración.

#### *Artigo 11.–Réxime de autorización*

11.1.–As autorizacións outorgaranse directamente aos solicitantes que reúnan as condicións requiridas, salvo se, por calquera circunstancia, se encontrase limitado o seu número, en cuxo caso serano en réxime de concorrencia pública, respectando as previsións contidas nos artigos 86 e seguintes da Lei 33/2003, de 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas e 76 e seguintes do Regulamento de bens das entidades locais, así como o capítulo II da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizo e ao seu exercicio e en condicións non discriminatorias.

11.2.–O procedemento deberá garantir a transparencia e a imparcialidade e, en concreto, a publicidade adecuada de inicio, desenvolvemento e fin do proceso.

11.3.–En ningún caso o procedemento poderá esixir o deber de residencia neste municipio como requisito de participación.



*Artigo 12.—Solicitud e documentación a presentar*

12.1.—Os interesados presentarán a súa solicitude conforme ao modelo aprobado polo concello.

12.2.—Á solicitude achegarase:

a) Declaración responsable, conforme ao modelo que expida o concello, na que manifieste:

1.—Estar dado de alta no réxime correspondente da Seguridade Social e ao corrente no pagamento das cotizacións.

2.—Estar dado de alta e ao corrente no pagamento do imposto sobre actividades económicas ou, no seu caso, no censo de obrigados.

3.—Cumprir cos requisitos das regulamentacións de cada tipo de produtos.

4.—Estar en posesión, no seu caso, do certificado acreditativo de ter recibido formación en materia de manipulación de alimentos.

5.—Dispoñer, se é o caso, da titulación e colexiación oficial que resulten esixibles.

6.—Cumprir os requisitos que impón a normativa sanitaria, no caso de autorizados á venda de produtos de alimentación e herbodietética.

7.—Satisfacer as taxas e os tributos fixados na correspondente ordenanza municipal.

8.—Non ter pendente o cumprimento de ningunha sanción imposta por este Concello.

9.—No ter débeda pendente con este Concello.

10.—Dispoñer dos permisos de residencia e traballo que, en cada caso, fosen esixibles, de tratarse de persoas estranxeiras.

11.—Dispoñer do CIF, acta de constitución, estatutos e escritura de poder outorgada á persoa que firma a solicitude de autorización en representación da empresa, no caso de persoas xurídicas.

12.—Dispoñer do seguro de responsabilidade civil.

13.—Dispoñer, no caso dos camións e vehículos tenda, do permiso de circulación e da tarxeta de inspección técnica actualizada e estar ao día no pagamento do seguro obrigatorio de vehículos a motor.

14.—Dispoñer, no seu caso, da documentación acreditativa de que o vehículo tenda reúne as condicións de hixiene e sanidade esixibles.

15.—Dispoñer, no seu caso, do certificado de correcto funcionamento das máquinas e instalacións que se utilicen.

16.—Estar en posesión da documentación acreditativa do cumprimento de ditos requisitos e manter o seu cumprimento durante todo o prazo de vixencia da autorización.

17.—Dispoñer das autorizacións das administracións competentes.



b) Documentación acreditativa de estar dado de alta e ao corrente no pagamento do imposto de actividades económicas ou, no seu caso, no censo de obrigados tributarios, poderá substituírse pola autorización ao Concello para verificar tales datos.

c) Copia compulsada do CIF, acta de constitución, estatutos e escritura de poder outorgada á persoa que firma a solicitude de autorización en representación da empresa, no caso de persoas xurídicas.

12.3.–non obstante o apartado anterior, non será esixible acreditación documental doutros requisitos detallados na declaración responsable, sen prexuízo das facultades de comprobación e inspección que correspondan.

12.4.–Se a solicitude non reúne os requisitos que sinala o apartado anterior, requirirase ao interesado para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, terase por desistido da súa solicitude.

12.5.–A venda de produción propia sen transformación ou a primeira transformación dos mesmos, cuxo produto final estea incluído no anexo I do artigo 38 do Tratado de funcionamento da Unión Europea, solicitarase de acordo ao modelo de solicitude expedido polo concello ao que se acompañará unha declaración responsable, conforme ao modelo expedido polo concello, na que manfeste:

- 1.—Ser titular dunha explotación agraria.
- 2.—Non ter débedas co Concello de Vilaboa.
- 3.—Lugar de produción da mercadoría, indicando o enderezo completo.
- 4.—Cumprir cos requisitos das regulamentacións de cada tipo de produto.
- 5.—Estar en posesión da documentación acreditativa do cumprimento de ditos requisitos e manter o seu cumprimento durante todo o prazo de vixencia da autorización.
- 6.—Cumprir cos requisitos que sexan de aplicación do Decreto 125/2014 do 4 de setembro, regulador da venda directa dos produtos primarios dende as explotación a persoa consumidora final.

#### *Artigo 13.—Contido mínimo da autorización*

- 1.—Datos identificadores do titular.
- 2.—Prazo de validez.
- 3.—Número de autorización.
- 4.—Horario e datas durante as que poderá exercerse a actividade e ocuparse o espazo público.
- 5.—Produtos cuxa venda se autoriza





Luns, 23 de abril de 2018

Núm. 78

6.—Frecuencia e rutas para as que se autoriza, no seu caso.

7.—Posto no que poderá exercerse a actividade, no caso de mercados periódicos organizados: número adxudicado, dimensións e características.

#### *Artigo 14.—Tarxeta ou documento acreditativo*

14.1.—O Concello expedirá unha tarxeta ou documento acreditativo da autorización para o exercicio da venda ambulante no que constarán os datos establecidos no artigo anterior e un enderezo para a recepción de posibles reclamacións durante o exercicio da actividade.

14.2.—O vendedor deberá ter exposta esta tarxeta para o público e para as autoridades que realicen actuacións inspectoras, en forma facilmente visible.

14.3.—No caso de ter solicitado polo titular do posto, a expedición do carné de suplente e terse autorizado polo Concello, deberá expoñerse a tarxeta de suplente no posto.

#### *Artigo 15.—Rexistro de vendedores ambulantes*

15.1.— Créase o Rexistro Municipal de vendedores ambulantes, que será xestionado polos servizos municipais de consumo e mercado e a inscrición nese será consecuencia inmediata da concesión da autorización municipal correspondente para o exercicio da actividade, ou ben no momento da súa transmisión, partindo dos datos contidos na declaración responsable.

15.2.—A inscrición dos titulares de autorizacións municipais de venda ambulante vixentes ao tempo de posta en funcionamento deste rexistro farase de oficio pola autoridade municipal, sen que sexa precisa a solicitude formalizada por aqueles; non obstante, estarán obrigados a comunicar e acreditar os datos que se lles requiran para a efectiva inscrición no Rexistro, sendo sancionados os incumprimentos non xustificados coa retirada da autorización de venda ambulante.

15.3.—Igualmente a inscrición no devandito rexistro de todo vendedor que cause nova alta na venda ambulante, farana de oficio os servizos municipais de consumo e mercados.

15.4.—Realizada a inscrición, expediráselle ao comerciante inscrito unha tarxeta ou documento acreditativo da autorización para o exercicio da venda ambulante ou non sedentaria, cunha vixencia igual á vixencia da autorización. A expedición do citado documento está suxeito á correspondente taxa.

15.5.—O contido da tarxeta ou documento acreditativo, deberá ser como mínimo, os datos esixidos no art. 3.3 do Real Decreto 199/2012, de 26 de febreiro, polo que se regula o exercicio da venda ambulante.

15.6.—No suposto de que a persoa vendedora ambulante non opte voluntariamente pola inscrición na sección do Rexistro Galego de Comercio, será o concello que autorice o exercicio da venda ambulante o que comunique os datos para a correspondente inscrición.



Luns, 23 de abril de 2018

Núm. 78

15.7.-Garantirase a interoperabilidade técnica con outros rexistros sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, de conformidade coa disposición adicional primeira da Lei 17/2009, sobre o libre acceso das actividades de servizos e o seu exercicio.

#### *Artigo 16.-Revogación*

16.1.-A autorización poderá ser revogada unilateralmente por razóns de interese público, sen xerar neste caso dereito algún de indemnización, cando resulte incompatible coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscabo do uso xeral.

16.2.-Tamén poderá revogarse temporalmente como sanción accesoria.

#### *Artigo 17.-Extinción*

Sen prexuízo do disposto noutros artigos desta ordenanza, as autorizacións extinguiranse automaticamente polas seguintes causas:

Transcurso do prazo.

- 1.—Renuncia expresa e escrita do titular.
- 2.—Quebra do titular declarada por resolución xudicial firme.
- 3.—Causas sobrevidas de interese público.
- 4.—Perda dalgún dos requisitos esixidos nesta ordenanza e demais normativa de aplicación.
- 5.—Falta de pagamento das exaccións correspondentes dentro do prazo fixado na correspondente ordenanza fiscal
- 6.—Como sanción accesoria.

### *CAPÍTULO II.-FUNCIONAMENTO DA VENDA AMBULANTE*

#### *Artigo 18.-Emprazamento da venda ambulante*

18.1- De conformidade co establecido no artigo 12, a autorización determinará a localización de cada posto ou emprazamento onde se exercite a venda ambulante.

18.2.-Respecto dos mercados periódicos, o Pleno do Concello de Vilaboa queda facultado para a súa celebración, organización e emprazamento correspondéndolle a Alcaldía a distribución e superficie dos postos consonte a convocatoria de licitación dos mesmos.



*Artigo 19.-Características dos postos e outras instalacións*

19.1.-A venda ambulante exercerase mediante postos desmontables, camiós ou vehículos tenda ou mediante carriños e instalacións similares de carácter itinerante e reunirán, en todos os casos, as debidas condicións de seguridade, salubridade, limpeza e decorosa presentación, podendo ordenarse a retirada das mesmas en caso contrario.

19.2.-Non se permite a exposición do xénero directamente sobre o pavimento.

*Artigo 20.-Obrigas dos autorizados*

20.1.-Estar en posesión da autorización municipal

20.2.-Cumprir as condicións establecidas na autorización.

20.3.-Cumprir as condicións e requisitos esixidos pola normativa reguladora dos produtos que sexan obxecto de venda.

20.4.-Non producir molestias e incomodidades que perturben a orde pública. En ningún caso se poderán anunciar as mercadorías por sistemas de megafonía ou aparellos reprodutores de son de calquera tipo.

20.5.-Manter os postos ordenados e en adecuadas condicións hixiénicas. A este respecto, unha vez finalizada a actividade, os autorizados recollerán nun recipiente os refugallos producidos e depositaranos nos correspondentes colectores, debendo quedar o espazo ocupado nas mesmas condicións hixiénicas que estaba antes da ocupación.

20.6.-Estar en posesión de facturas ou albarás que acrediten a procedencia da mercadoría.

20.7.-Manter un trato correcto co público, persoal municipal e usuarios do mercado.

20.8.-Acatar as ordes dadas polas autoridades competentes.

*CAPÍTULO III.-CONDICIÓNES ESPECÍFICAS DE CADA MODALIDADE DE VENDA AMBULANTE**Sección 1.ª.-Venda en feiras e mercados periódicos organizados**Artigo 21.-Concepto*

21.1.-O Pleno da Corporación poderá acordar a instalación de mercados periódicos organizados, tendo en conta as características e necesidades deste Concello e atendendo á densidade de tráfico e circulación, o acceso aos edificios de uso público, locais comerciais e industriais e aos seus escaparates e exposicións, as condicións para garantir a adecuada sanidade e hixiene, o interese das persoas consumidoras e a tradición e arraigo no municipio desta modalidade de venda.

21.2.- Non obstante, cando circunstancias derivadas de acontecementos especiais, causas de forza maior ou razóns de orde pública así o aconsellen, poderán suspenderse temporalmente as autorizacións, modificar datas ou horarios ou determinar novos emprazamentos sen que isto xere dereito a indemnización de ningún xeito a prol dos autorizados e sen prexuízo do establecido na ordenanza fiscal sobre o posible prorrateo da taxa.



*Artigo 22.–Procedemento de concesión da autorización en réxime de concorrencia competitiva.*

22.–Cando se atopase limitado o número de autorizacións, levarase a cabo o procedemento de adxudicación en réxime de concorrencia competitiva, respectando as previsións contidas nos artigos 86 e seguintes da Lei 33/2003, do 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas e 76 e seguintes do Regulamento de bens das entidades locais, así como o capítulo II da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizo e ao seu exercicio e en condicións non discriminatorias.

O procedemento concorrencial será convocado polo señor Alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue, quen tamén aprobará as bases que rexerán a convocatoria.

Deberán ser tidos en conta, polo menos, para a adxudicación mediante este procedemento, ademais do prezo, a antigüidade na actividade e o feito de non ter sido sancionado polo exercicio da venda ambulante no municipio.

En canto ao criterio do prezo, haberá que estar á ordenanza reguladora da taxa por aproveitamento especial do dominio público municipal e prestación de outros servizos.

Están suxeitos ao procedemento de adxudicación por poxa pública, en principio, os postos de venda de todo tipo de flor (solta o en centros), así como calquera outro tipo posto cando o aconsellen circunstancias de interese xeral.

A convocatoria deste procedemento será anunciada coa suficiente antelación no BOP, na páxina web e taboleiro de edictos do Concello de Vilaboa.

*Artigo 23.–Réxime de funcionamento: horario da feira, postos, vehículos e produtos autorizados***23.1.–Horario da feira.**

- Montaxe dos postos e descarga de mercadorías: entre as 6.00 e as 9.00 horas.
- Actividade comercial: entre as 9.00 e as 14.00 horas.
- Desmontaxe dos postos e recollida de mercadorías: entre as 14.00 e as 16.00 horas.

Estes horarios poderán ser modificados por resolución do señor Alcalde-presidente cando as circunstancias concorrentes o fagan necesario.

**23.2.–Os postos.**

Co fin de adaptar a celebración destes mercados periódicos ás necesidades de cada momento, en cada convocatoria de licitación de postos establecerase a tipoloxía, características, dimensións e colocación de cada un deles, así como os produtos cuxa venda se autoriza.

Ningún vendedor poderá ocupar o corredor, reservas de aparcamento e demais espazos libres, nin un lugar distinto ou con maior superficie que a asignada, sendo 10x2 metros lineais a superficie máxima susceptible de autorizar.



Luns, 23 de abril de 2018

Núm. 78

### 23.3.-Vehículos.

Queda expresamente prohibido o estacionamento dos vehículos dentro dos recintos feirais no horario de actividade comercial, sen prexuízo do estacionamento de vehículos tenda nas zonas habilitadas para o efecto.

Non obstante, os vendedores ambulantes poderán estacionarse durante a instalación dos postos e durante a carga e descarga de mercadorías.

Salvo nas zonas habilitadas para tal efecto, queda prohibida a entrada de calquera vehículo no recinto da feira no horario de desenvolvemento da actividade comercial, sen prexuízo de causas de forza maior debidamente xustificadas.

### 23.4.-Requisitos dos vehículos tenda.

Os vehículos-tenda deberán cumprir os seguintes requisitos:

1.—En todo caso deberán contar con furgón separado fisicamente da cabina do condutor.

2.—Vehículos destinados á venda de peixe fresco en mercados periódicos sexa ou de forma itinerante polo termo municipal, deberán contar coas seguintes especificacións técnicas:

- a) Vehículo isoterma homologado.
- b) Xelo cunha temperatura no centro das pezas entre 0 e 7 graos centígrados.
- c) Inclinación do chan para evacuación da auga de fusión.
- d) Superficies interiores lisas e unións redondeadas.
- e) Bidón auxiliar de auga potable en cantidade suficiente, toallas dun só uso e xabón líquido.
- f) Caldeiro para residuos ou bolsas de plástico.

3.—Vehículos para a venda de peixe conxelado de forma en mercados periódicos ou de forma itinerante polo termo municipal:

- a) Vehículo frigorífico homologado.
- b) Temperatura dos produtos igual ou inferior a -18 graos centígrados.
- c) Rexistro gráfico de temperatura
- d) Superficies lisas e unións redondeadas.

### 23.5.-Os produtos autorizados.

Poderán ser obxecto de venda os seguintes produtos:

- a) Alimentación:



- Todos os alimentos cumprirán as normativas sanitarias esixidas para cada un deles, sendo indispensable que se presenten debidamente envasados, etiquetados, protexidos, con rexistro sanitario e refrixerados aqueles produtos cuxa normativa así o esixa.
- Todos os alimentos deberán estar protexidos da contaminación polo po, insectos e outras fontes de sucidade. Evitarase a súa manipulación polo público, o contacto directo co solo e a incidencia directa do sol e da choiva.
- Os produtos a granel e sen envoltura deberán expoñerse para a venda protexidos mediante recipientes que reúnan as condicións hixiénicas esixibles e, na súa manipulación, utilizaranse utensilios adecuados.
- O persoal que expendea alimentos deberá gardar as adecuadas condicións de aseo e limpeza na roupa de traballo.

b) Têxtil, calzado e complementos: roupa, calzado, bixutería, complementos, têxtil fogar, marroquinería, pequena quincalla, mercería e similares.

c) Típicos ou tradicionais: apeiros de labranza, artesanía e similares.

d) De temporada: árbores froiteiras, plantas, flores, sementes e similares.

e) Varios: bricolaxe, xoguets, droguería e perfumería, libros, música e similares.

### *Sección 2.ª.-Venda en festas populares e noutros mercados ocasionais*

#### *Artigo 24.-Festas populares*

24.1.-Poderá autorizarse a venda ambulante en festas populares.

24.2.-A solicitude, conforme co disposto no artigo 12, presentarse cunha antelación mínima de quince días ao exercicio da actividade.

#### *Artigo 25. Mercados ocasionais*

25.1.-O alcalde ou concelleiro delegado poderán acordar, logo dos informes e autorizacións que procedan, o establecemento de mercados ocasionais determinando, como mínimo:

a) O lugar e data no que se celebrará e a tipoloxía de venda ambulante admitida, tendo en conta as características e necesidades e, especialmente, os indicadores seguintes:

- Densidade de tránsito e circulación.
- Acceso aos locais comerciais ou industriais, aos seus escaparates ou exposicións.
- Acceso aos edificios de uso público.
- Condicións para garantir a adecuada sanidade e hixiene.
- Interese das persoas consumidoras.
- Tradición e arraigo no municipio desta modalidade de venda.
- A previsión do número de postos ou autorizacións.
- Os produtos que poderán ser ofrecidos á venda.



25.2.-O réxime de concesión da autorización será o establecido para os mercados periódicos organizados, sen prexuízo das especialidades que poidan establecerse.

*Sección 3.<sup>a</sup>- Venda mediante postos instalados na vía pública*

*Artigo 26.-Réxime de funcionamento*

26.1.-Poderá autorizarse a venda ambulante realizada mediante a ocupación da vía pública con postos desmontables de carácter illado, xa sexa de maneira ocasional ou habitual.

26.2.-A solicitude presentarase conforme co disposto no artigo 12 e cunha antelación mínima de quince ao exercicio da actividade. No caso de precisar autorización previa do titular da vía non poderá iniciarse a actividade sen dispor da mesma.

26.3.-Queda prohibida a venda ambulante de calquera mercadoría na vía pública sen posto

*Sección 4.<sup>a</sup>- Venda mediante camións ou vehículos tenda*

*Artigo 27.-Réxime de funcionamento*

27.1.-Poderá autorizarse a venda ambulante mediante camións ou vehículos tenda.

27.2.-A solicitude presentarase conforme co disposto no artigo 12 e cunha antelación mínima de quince días ao exercicio da actividade.

27.3.-A autorización determinará o ámbito xeográfico ou perímetro do termo municipal no que se exercerá este tipo de venda, tendo en conta a densidade de tráfico e circulación, o acceso a locais comerciais ou industriais, aos seus escaparates e exposicións, o acceso a edificios de uso público e o interese para as persoas consumidoras.

*Sección 5.<sup>a</sup>- Venda ambulante a pé, utilizando carriños ou outras instalacións de carácter itinerante*

*Artigo 28.-Réxime de funcionamento*

28.1.-Poderá autorizarse a venda ambulante a pé, utilizando carriños ou outras instalacións de carácter itinerante.

28.2.-A solicitude presentarase conforme co disposto no artigo 12 e cunha antelación mínima de quince días ao exercicio da actividade.

28.3.-A autorización determinará o ámbito xeográfico ou perímetro do termo municipal no que se exercerá este tipo de venda, tendo en conta a densidade de tráfico e circulación, o acceso a locais comerciais ou industriais, aos seus escaparates e exposicións, o acceso a edificios de uso público e o interese para as persoas consumidoras.



*TÍTULO I V.-RÉXIME DE INSPECCIÓN E SANCIÓN**CAPÍTULO I.-RÉXIME DE INSPECCIÓN**Artigo 29.-Réxime de inspección*

29.1.-O Concello de Vilaboa exercerá, a través da Policía Local e outros medios adecuados, as funcións de inspección e sanción respecto de toda a venda ambulante que se leve a cabo no seu termo municipal, sen prexuízo das competencias atribuídas a outras administracións.

29.2.-A estes efectos, o concello poderá comprobar e inspeccionar, en todo momento, os feitos, actividades, transmisións e demais circunstancias da autorización concedida ou declaración responsable formulada, notificando, no seu caso, aos órganos autonómicos competentes os feitos de que teñan coñecemento no exercicio das súas funcións que poidan constituír infracción á lexislación de defensa da competencia.

29.3.-Poderán, así mesmo, inspeccionarse os produtos, actividades e instalacións, así como solicitar dos seus titulares tanta información resulte necesaria en relación con eles.

29.4.-En especial, vixiarase que os lugares de venda se atopen en condicións de limpeza e salubridade, poñendo especial atención nos produtos perecedoiros e de alimentación.

*CAPÍTULO II.-RÉXIME SANCIONADOR**Artigo 30.-Réxime xeral de infraccións e sancións*

A infracción das obrigas e demais normas de obrigado cumprimento establecidas nesta ordenanza serán obxecto dun procedemento sancionador establecido normativa en materia de procedemento administrativo.

Corresponde ao Concello de Vilaboa a vixilancia e garantía do cumprimento polos titulares das autorizacións, do que dispón esta ordenanza e demais normativa de aplicación, especialmente en canto ás esixencias e condicións hixiénico-sanitarias.

*Artigo 31.-Infraccións*

31.1. As infraccións e correspondentes sancións relatadas pola normativa referida na Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia e no Real Decreto Lexislativo 1/2007, de 16 de novembro, por el que se aproba el texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias que sexan de aplicación, tramitaranse e aplicaranse segundo os devanditos textos legais, así como nas normas que os desenvolven.

Constitúen infraccións á presente ordenanza as seguintes condutas, que se clasificarán en leves, graves e moi graves.





Luns, 23 de abril de 2018

Núm. 78

31.2.-Terán a condición de infracción leve:

- a) Incumprir os horarios de montaxe e desmontaxe.
- b) Non exhibir a autorización ou declaración responsable.
- c) A simple inobservancia de calquera precepto desta ordenanza que non teña repercusións económicas nin prexuízo para as persoas consumidoras.
- d) A instalación dos postos sen autorización ou declaración responsable cando o vendedor cumpra cos requisitos para obter dita autorización.
- e) O exercicio da venda ambulante sen autorización ou declaración responsable cando o vendedor cumpra cos requisitos para obter dita autorización.
- f) En xeral, incumprir as obrigas establecidas nesta norma e na Lei 13/2010, que non sexan obxecto de sanción específica.

31.3.-Terán a condición de infracción grave:

- a) A reincidencia na comisión de infraccións leves.
- b) A venda de produtos distintos dos autorizados na licenza.
- c) O exercicio da actividade por persoa diferente da autorizada.
- d) A falta de ornato ou limpeza das instalacións.
- e) Non deixar limpo e recollido o lugar onde estivo instalado e non deposita o lixo nos contedores instalados para o efecto.
- f) Aumentar a superficie do posto con máis metros dos autorizados, así como a instalación de postos en lugar distinto do autorizado.
- g) A desobediencia das ordes e indicacións dadas pola autoridade competente.
- h) Non posuír a documentación acreditativa da procedencia da mercadoría.
- i) Non cumprir as normas de seguridade das instalacións e dos seus elementos.
- j) Estacionar os vehículos non autorizados dentro do recinto da feira, fóra das horas de montaxe e desmontaxe dos postos.
- k) No caso dos mercados periódicos organizados, ausentarse do posto por un período de catro días consecutivos ou sete non consecutivos ao longo do ano, agás causa debidamente xustificada.
- l) Practicar a venda fóra dos perímetros e/ou dos lugares autorizados ou con transgresión dos días e dos horarios establecidos.
- m) Practicar a venda calquera persoa non autorizada ou comerciantes que incumpran os requisitos establecidos na Lei 13/2010, nos regulamentos ou nas ordenanzas reguladoras.



n) Practicar a venda en lugares que non reúnan as condicións establecidas na Lei 13/2010, nos regulamentos ou nas ordenanzas reguladoras.

o) Negarse ou resistirse a subministrar datos ou a facilitar a información requirida polas autoridades ou o seu funcionariado e axentes da Administración comercial no exercicio das súas funcións de comprobación e mais a subministración de información inexacta ou incompleta.

p) Incumprir as disposicións administrativas relativas á prohibición de comercializar ou distribuír determinados produtos.

q) Esixir prezos superiores a aqueles que fosen obxecto de fixación administrativa.

r) Cursar información errónea ou claramente insuficiente cando esta se solicitase de conformidade coa normativa aplicable e teña carácter esencial, se xeren graves danos ou exista intencionalidade

31.4.-Terán a consideración de infracción moi grave:

a) A reincidencia na comisión de infraccións graves.

b) A instalación dos postos sen autorización ou declaración responsable cando o vendedor non cumpra cos requisitos para obter dita autorización.

c) O exercicio da venda ambulante sen autorización ou declaración responsable cando o vendedor non cumpra cos requisitos para obter dita autorización.

d) Non estar dado de alta no censo do imposto de actividades económicas ou non estar ao día no pagamento das obrigas tributarias respecto da actividade que se exerza.

e) Non estar dado de alta no réxime correspondente da Seguridade Social.

f) Non estar en posesión dalgún dos documentos relacionados na declaración responsable.

g) A venda de produtos non autorizados.

h) A perturbación relevante da convivencia, que afecte de maneira grave, inmediata e directa á tranquilidade ou ao exercicio de dereitos lexítimos doutras persoas, ao normal desenvolvemento de actividades de toda clase e á salubridade ou ornato públicos, sempre que se trate de condutas non subsumibles nos tipos previstos na Lei Orgánica de Protección da Seguridade Cidadá.

i) O impedimento do uso dun servizo público por outra ou outras persoas con dereito á súa utilización.

j) O impedimento ou a grave e relevante obstrución ao normal funcionamento das actividades realizadas.

k) Os actos de deterioro grave e relevante de equipamentos, infraestruturas, instalacións ou elementos dun servizo público.



l) O impedimento do uso dun espazo público por outra ou outras persoas con dereito á súa utilización.

m) Os actos de deterioro grave e relevante de espazos públicos ou de calquera das súas instalacións e elementos, sexan mobles o inmobles, non derivados de alteracións da seguridade cidadá.

Entenderase por reincidencia a comisión, no período dun ano, de máis dunha infracción da mesma natureza, cando así fose declarado por resolución firme. Malia o anterior, para cualificar unha infracción como moi grave só se atenderá á reincidencia en infraccións graves, e a reincidencia en infraccións leves só determinará que unha infracción deste tipo sexa cualificada como grave cando se incorrese en máis de dúas infraccións de carácter leve, cando así fose declarado por resolución firme”

### *Artigo 32.-Sancións*

As sancións que se aplicarán, pola comisión das condutas constitutivas de infracción da presente ordenanza, serán as tipificadas nos artigos 109 e seguintes da Lei 13/2010, de 17 de decembro, do comercio interior de Galicia, tendo a seguinte contía:

- Infraccións leves apercibimento ou multa hasta 1500 euros.
- Infraccións graves multa de 1.501 ata 50.000 euros.
- Infraccións moi graves multa de 50.001 ata 1.000.000.

### *Artigo 33.-Medidas cauterales e sancións accesorias*

33.1.-Nos termos da Lei 4/2015, do 30 de marzo, de Protección da Seguridade Cidadá e no seu caso, da Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeral da Sanidade, os axentes da autoridade intervirán os instrumentos utilizados para a comisión da infracción, así como os cartos, os froitos ou os produtos directamente obtidos, que se manterán nos depósitos establecidos o efecto ou baixo custodia das Forzas e Corpos de Seguridade mentres se tramita o procedemento sancionador ou ata que, no seu caso, se resolva a devolución ou se decrete o comiso.

33.2.-Como sanción accesoria a unha infracción leve poderá acordarse a suspensión temporal por un período máximo de dous meses e para as infraccións graves e moi graves poderá acordarse a suspensión da autorización por un período máximo de 6 meses ou a revogación da mesma así como a posibilidade de comisar a mercadoría nos casos de venda de produtos non autorizados e nos casos legalmente establecidos.

A imposición da revogación da autorización levará consigo a imposibilidade de volver a obtela durante un período máximo de tres anos.

### *Artigo 34.-Graduación das sancións*

Para a graduación da sanción a aplicar teranse en conta as seguintes circunstancias:



Luns, 23 de abril de 2018

Núm. 78

- 1.—A reiteración de infraccións ou reincidencia.
- 2.—A existencia de intencionalidade do infractor.
- 3.—A transcendencia social dos feitos.
- 4.—A gravidade e natureza dos danos ocasionados.
- 5.—A intensidade da perturbación ocasionada na tranquilidade ou no pacífico exercicio dos dereitos de outras persoas ou actividades.
- 6.—A intensidade da perturbación causada á salubridade ou ornato públicos.
- 7.—A intensidade da perturbación ocasionada no uso dun servizo ou dun espazo público por parte das persoas con dereito a utilizalos.
- 8.—A intensidade da perturbación ocasionada no normal funcionamento dun servizo público.
- 9.—A intensidade dos danos ocasionados aos equipamentos, infraestruturas, instalacións ou elementos dun servizo ou dun espazo público.

#### *Artigo 35.—Prescripción das faltas*

35.1.—As infraccións previstas nesta ordenanza prescribirán:

- As leves aos 6 meses.
- As graves aos 2 anos.
- As moi graves aos 3 anos.

35.2.—O prazo de prescripción comezará a contarse dende que a falta se comete e, unha vez iniciado o expediente, quedará paralizado o prazo de prescripción.

### *TITULO V.—DAS ACTIVIDADES FEIRAIS*

#### *Artigo 36.—Comunicación das actividades feirais*

A celebración de feiras mercado de ámbito territorial de influencia exclusivamente local comunicarase previamente ao concello en cuxo termo municipal pretenda realizarse. Os concellos haberán de trasladar as comunicacións recibidas á consellería competente en materia de comercio para a súa incorporación ao Rexistro Oficial de Actividades Feirais de Galicia.

#### *Artigo 37.—Presentación da comunicación*

37.1.—Para os efectos sinalados no artigo anterior, a persoa organizadora presentará a comunicación cunha antelación mínima de dous meses á data en que pretenda realizar a actividade.



Luns, 23 de abril de 2018

Núm. 78

37.2.-A comunicación da celebración de feiras actualizarase, no seu caso, con periodicidade anual.

37.3.-Calquera modificación nas condicións reflectidas na comunicación haberá de ser notificada á consellería competente en materia de comercio.

#### *Artigo 38.-Requisitos*

As persoas organizadoras da actividade feiral farán constar na comunicación previa os datos da súa identificación e os seguintes:

- a) A denominación, ámbito territorial, duración, data e lugar de celebración.
- b) Os produtos a que se dirixe e a previsión de participantes.
- c) As características do espazo físico en que vai desenvolverse a actividade, así como os servizos de que dispón.
- d) A realización ou non de venda directa.
- e) Cumprir coas disposicións aplicables do artigo 12 da presente ordenanza.
- f) Plano de situación dos postos coa súa identificación (nome e apelidos/razón social e enderezo) e numeración.
- g) Plan de emerxencia anual coas características do espazo físico en que vai desenvolverse a actividade e os servizos de que se dispón.
- h) Autorización do propietario do terreo, no seu caso.
- i) Documento acreditativo do pago anual da taxa de actividades feirais do Concello de Vilaboa.
- f) Aquelas circunstancias que, no seu caso, determínense regulamentariamente.

#### *Artigo 39.-Obrigacións*

Son obrigacións da persoa organizadora da actividade feiral:

- a) Presentar a comunicación previa nos termos previstos na presente lei e normas que a desenvolvan.
- b) Cumprir coas disposicións aplicables desta ordenanza no relativo a venda ambulante.
- c) Prestar a garantía que, no seu caso, estableza a administración.
- d) Celebrar a actividade feiral de conformidade coas condicións reflectidas na comunicación previa e o preceptuado na presente lei e disposicións que a desenvolvan.



Luns, 23 de abril de 2018

Núm. 78

e) Responsabilizarse do cumprimento das prescricións establecidas na presente lei e disposicións que a desenvolvan e, en xeral, da normativa vixente, así como da seguridade das persoas, produtos, instalacións industriais e medio ambiente.

f) Prestar a colaboración que lle sexa requirida pola consellería competente en materia de comercio ou polos concellos no ámbito das súas respectivas competencias, ao obxecto de garantir o cumprimento da presente lei e disposicións que a desenvolvan, así como das condicións establecidas na comunicación efectuada.

#### *Artigo 40.-Infracción e sancións*

As infraccións e os órganos competentes para impoñer as sanción están recollidos na Lei 1/1996, de 5 de marzo, da regulación das actividades feirais de Galicia.

Os órganos competentes para impoñer as sancións establecidas serán:

a) A persoa titular do departamento territorial correspondente, para as derivadas de faltas leves. Cando a infracción afecte o ámbito territorial de máis dun departamento, será competente a persoa titular da dirección xeral competente en materia de comercio interior.

b) A persoa titular da consellería competente en materia de comercio interior, para as derivadas de faltas graves.

c) O Consello da Xunta, para as derivadas de faltas moi graves.

#### *DISPOSICIÓN ADICIONAL*

Quedan excluídos do ámbito de aplicación desta ordenanza a regulación dos postos autorizados na vía pública de carácter fixo e estable nos que se desenvolvan actividades comerciais de xeito habitual e permanente en virtude dunha concesión administrativa, que se rexerán pola súa normativa propia.

#### *DISPOSICIÓN DERROGATORIA*

Pola presente ordenanza quedarán derogadas todas as demais ordenanzas ou regulamentos aprobados por este Concello para regular a venda ambulante ou en mercadillos.

#### *DISPOSICIÓN FINAL*

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez publicado integramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.”

O alcalde, José Luís Poceiro Martínez

(sinatura dixital na marxe)

